

ACTA DA RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS DO SEGUNDO EXERCICIO - PROBA PRÁCTICA (FASE DE OPOSICIÓN) E CONVOCATORIA PARA A REALIZACIÓN DA PROBA DE GALEGO (OBRIGATORIA E ELIMINATORIA) DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONFECCIÓN DUNHA LISTAXE DE CONTRATACIÓNS E NOMEAMENTOS, NA CATEGORÍA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A NO CONCELLO DE PONTEAREAS.

Nas instalacións do Centro de Desenvolvemento Local (CDL) de Ponteareas, 19 de agosto de 2022, sendo as 9,30 horas, reúnese o tribunal do proceso selectivo para a CONFECCIÓN DUNHA LISTAXE DE CONTRATACIÓNS E NOMEAMENTOS, NA CATEGORÍA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A, formado polos señores: D. MANUEL MARTÍNEZ PÉREZ, (presidente) dona ANA ISABEL PICHEL PAZOS, dona MARÍA DEL CARMEN BALOIRA DURO (Vogais), actuando como Secretario o funcionario don JOSÉ GONZÁLEZ MONTERO.

Unha vez constituído o Tribunal, procédese a resolver as alegacións presentadas polos/as candidatos/as, don Marcos Alonso Barcia e dona Rocío Martínez Pérez con respecto ás preguntas formuladas no segundo exercicio - proba teórica (fase de oposición)

O Tribunal acordou desestimar a alegación que presentou o candidato don Marcos Alonso Barcia, con respecto á pregunta número 1 do exercicio dado que se formula claramente que “unicamente hai unha resposta válida por pregunta” e ante a imposibilidade de asegurar cos datos facilitados que se presentou un formulario normalizado por parte do suxeito que se sinala, a única resposta correcta é a opción d).

O Tribunal tamén acordou desestimar outra alegación do mesmo candidato con respecto á pregunta número 16, dado que as preguntas están enunciadas en relación ao suposto que se expón no exercicio, algunhas das cales se refiren a accions ou circunstancias de individuos concretos e outras se formulan de xeito xeral en relación ao devandito suposto. En ningún momento se indica que as distintas preguntas estean interconectadas entre sí, senón que se trata de preguntas independentes que están relacionadas co enunciado formulado. Polo tanto, a pregunta número 16 ten como resposta correcta a opción c).

O Tribunal acordou desestimar a alegación que presentou dona Rocío Martínez Pérez con respecto á pregunta número 16, dado que as preguntas están enunciadas en relación ao suposto que se expón no exercicio, algunhas das cales se refiren a accions ou circunstancias de individuos concretos e outras se formulan de xeito xeral en relación a dito suposto.

O suposto dinos “O Concello publicou unha convocatoria dunha liña de subvencións.... unha vez transcorridos 3 meses a partir do día seguinte a aquel no que remata o prazo de presentación de solicitudes sen notificarse a resolución, as entidades interesadas estarán lexitimadas para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de subvención”.

Polo tanto, tendo e conta que a pregunta número 16 debe contestarse de xeito directamente relacionada co suposto formulado neste exercicio, a resposta é a opción c).

Así mesmo o Tribunal, unha vez examinada a documentación presentada, acorda convocar aos candidatos/as que se relacionan a continuación, por non ter acreditado estar en posesión do título de CELGA 3, para realizar a proba de Galego (obligatoria e eliminatória), o vindeiro xoves, día 25 de agosto de 2022, ás 9:45 horas, no Centro de Desenvolvemento Local de Ponteareas (CDL), sito no Lugar de Cruceiro da Lomba, 36066 – Ponteareas.



- Dna. ISABEL GONZÁLEZ LAGO
- Dna. MARÍA JESÚS MOYA QUEIMAÑO
- D. JOSÉ FERNÁNDEZ CAMPOS
- Dna. SONIA GONDAR GONDAR

Os/as candidato/as deberán vir provistos do DNI, e dun bolígrafo de cor azul.

E non sendo outro o obxecto desta reunión, ás 11,45 horas do mesmo día, polo Presidente levántase a sesión da que eu, Secretario do Tribunal, dou fe,

RECURSOS:

Contra a presente acta, poderase interpoñer recurso de Alzada ante o mesmo órgano que o dictou ou superior no prazo dun mes, a partir do día seguinte a súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello de Pontareas.

Documento asinado dixitalmente

